



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 25
DE XUÑO DE 2020**

HORA: 20.30h

PERSOAS ASISTENTES:

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste, pero xustifica a súa ausencia, D^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE) e D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

SECRETARIO ACCIDENTAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos/as por min, o secretario accidental do Concello, que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

Comeza a alcaldesa recordando que o Pleno ordinario do mes de xuño é o primeiro pleno ordinario que se celebra tras o levantamento do estado de alarma, polo que non se celebraron o de marzo, abril e maio, e durante este tempo tivemos dúas Xuntas de Portavoces e un Pleno extraordinario, asiste o Sr. Mayo

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

como secretario accidental por vacacións da titular e o señor interventor non asiste porque non hai ningún asunto económico na orde do día.

ORDE DO DÍA

A. Parte dispositiva

Primeiro.- Aprobación das actas das sesións ordinarias do 30 de xaneiro, do 27 de febreiro de 2020, e extraordinaria do 9 de marzo de 2020

A Sra. alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, procede a preguntar aos membros da corporación se teñen algunha observación que engadir con respecto ás actas que se presentan para a súa aprobación.

1.- Acta da sesión ordinaria correspondente ao 30/01/2020. Achega corrección D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG) con respecto a que na páxina trece hai unha errata, está mal o número de concelleiros/as, BNG(3) e CXG (2), cando tiña que ser ao revés, polo que prega a corrección deste erro.

Requiridos/as á votación, apróbbase a acta por unanimidade.

2.- Acta da sesión ordinaria correspondente ao 27/02/2020. Non habendo ningunha observación por parte de ningún membro da corporación, apróbbase contando coa abstención de D^a Caridad González Cerviño (PSOE), por non asistir a esa sesión, e o voto a favor do resto dos/as concelleiros/as asistentes.

3.- Acta da sesión ordinaria correspondente ao 09/03/2020. Non habendo observacións por parte de ningún membro da corporación, apróbbase a acta contando coa abstención de D^a Caridad González Cerviño (PSOE), e Paula Simal Mayo (BNG), por non assistiren a este pleno, e o voto a favor do resto dos/as concelleiros/as asistentes.

Segundo. Ratificación da inclusión na orde do día da proposta do grupo municipal socialista en relación á transferencia aos concellos por parte da Xunta de Galicia dun fondo extraordinario para a contención do COVID-19 e a reconstrución social de Galicia (RE-GALICIA 2021)

Intervén a Sra. alcaldesa sinalando a necesidade de ratificar este punto na orde do día, posto que non ven ditaminado en comisión informativa porque non houbo tempo de convocala, sendo preciso neste caso o acordo do Pleno por maioría simple para a súa inclusión na orde do día. Ademais hai unha cuestión formal, que é que a moción vén sen asinar, polo que lla entrega ao grupo socialista para que a asine neste intre.

Asinada a moción, sometese a votación a súa inclusión na orde do día cos votos a favor do PSOE (3), CXG (2) e BNG (2) e a abstención do PP (4), polo que queda aprobada a súa inclusión na orde do día.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A alcaldesa dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, D^a Caridad González Cerviño, para que defenda e expoña a moción presentada, sendo lida por Sandra Maneiro Pais (PSOE).

O grupo municipal do PSdeG-PSOE de Muros ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno municipal a seguinte moción en relación á transferencia aos concellos por parte da Xunta de Galicia dun fondo extraordinario para a contención do COVID-19 e a reconstrución social de Galicia (RE-GALICIA 2021).

Desde que o 14 de marzo se declarara o estado de alarma no conxunto do España, como medida de loita conta a expansión da pandemia orixinada polo COVID-19, todos os niveis administrativos do estado (Goberno, comunidades autónomas, deputacións e concellos) asumiron tarefas extraordinarias que se centraron inicialmente no plano sanitario e ampliadas logo ao plano laboral, social, científico, educativo, etc. Baixo o estado de alarma e emerxencia sanitaria, as medidas de confinamento e limitación da actividade e mobilidade conseguiron, con moito esforzo e grazas á implicación da cidadanía, frear os contaxios, dobregar a curva e iniciar o camiño de descalada cara á nova normalidade, na que actualmente nos achamos.

No caso dos concellos, o seu traballo foi especialmente destacable, pois tiveron que afrontar a xestión a pé de rúa dunha situación que, de seguro, é a máis complexa á que se enfrontaron no actual período democrático. Nas súas costas recaeu en boa medida a aplicación dos protocolos de seguridade nos espazos públicos, a atención ás persoas máis vulnerables a través dos servizos sociais municipais, o refuxio das sen teito, a atención a autónomos e diversas medidas de axuda e pulo do comercio e a economía local.

Iniciativas locais que se teñen incrementando nesta fase de descalada, na que todas as corporacións municipais están asumindo importantes gastos extraordinarios derivados da adaptación ás normas estatais e autonómicas que rexerán a nova normalidade: afondamento na administración electrónica, reformas de calado nos edificios municipais para adaptar oficinas e espazos de atención ao público, estritos protocolos de desinfección dos espazos públicos (parques, prazas, áreas de xogo infantil...), incremento notable no número de usuarios/as dos servizos sociais, aplicacións e campañas de apoio ao comercio e á hostalería, adaptacións de infraestruturas deportivas e centros de ensino, novas fórmulas de conciliación para as familias, reprogramación de toda a actividade cultural e festiva, especialmente do verán, etc.

Necesidades de investimento ás que se engaden situacións particulares, por exemplo, dos concellos que contan con praias, piscinas e zonas de baño fluvial, que deben afrontar tamén importantes desembolsos para adaptalas á nova situación e garantir a saúde dos/as usuarios/as. Situación ante a que algunhas comunidades autónomas, incluso algunha gobernada polo Partido Popular, como a Junta de Andalucía, xa anunciaron investimento de ata 24 millóns de euros para a contratación, mediante convenios cos concellos, de persoal para prestar apoio nos areais.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Un incremento notable dos gastos que deben combinar cos escasos recursos económicos, medios materiais e competencias que caracterizan aos concellos galegos, os que contan con menos ingresos por habitante de todo o Estado, ata un 50% menos ca os concellos vascos ou cataláns; capacidade de gasto ordinaria que se verá aínda máis diminuída nos vindeiros meses pola previsible diminución nos ingresos derivada da menor actividade económica. Consciente de todo isto, o Goberno de España ten anunciado e aprobado nas últimas semanas diversas medidas de apoio directo e indirecto aos Concellos, como o desbloqueo de 300 millóns de euros do superávit das entidades locais para actuacións de protección e promoción social, que non computará na regra de gasto; superávit e remanentes municipais, retidos pala chamada Lei Montoro do Partido Popular, sobre os que o Goberno está a negociar coa FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) o xeito de desbloquealos e poñelos á disposición dos concellos; outros 300 millóns de euros para garantir a asistencia a domicilio das persoas dependentes ; 17 millóns, só en Galicia, do Fondo Social Extraordinario para servizos sociais; 1,9 millóns de euros en bolsas comedor para 13.766 nenos e nenas galegos/as, etc.

Mención aparte merecen os recursos económicos mobilizados polo Estado para axudar ás Comunidades Autónomas, como o adianto de 2.800 millóns de euros dos pagamentos a conta, 1.000 millóns a través do Ministerio de Sanidade para atender os gastos sanitarios extraordinarios, e, sobre todo, o chamado Fondo Especial para a Reconstrución, que inxectará a fondo perdido 16 mil millóns de euros nos orzamentos da comunidades, entre elas, obviamente, a Xunta de Galicia, que o único que ten comprometido cos concellos nos últimos meses é un adianto do Fondo de Cooperación Local, é dicir, dos cartos que xa son dos concellos; ademais de ideas e ocorrencias absurdas, con menos percorrido que a credibilidade de Alberto Núñez Feijóo, como o sistema de cita previa mediante códigos QR para asistir ás praias, ou delimitación de núcleos de poboación de menos de 5.000 habitantes no centro das cidades galegas que se poderían engadir *despilfarros* de recursos públicos como o reenvasado de máscaras cubrebocas para pórllas o logotipo da Xunta ou o estudo de seroprevalencia duplicado, co que o PP pretendía competir co Ministerio de Sanidade e que tivo que ser abandonado de facto antes de rematarse pola súa escasa fiabilidade.

É o momento de que a Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade e axude aos concellos, que nesta situación, máis do que xa é habitual, están asumindo competencias da Comunidade Autónoma, para non deixar aos seus veciños e veciñas abandonados e, transfira ás entidades locais fondos extraordinarios, incluíndo parte dos recursos que perciba en virtude do sinalado Fondo Especial para a Reconstrución que impulsa o goberno de España.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

MOCIÓN

A Corporación Municipal de Muros, acorda instar á Xunta de Galicia a transferir aos 313 concellos de Galicia e ás 4 deputacións provincias recursos a través dun Fondo Extraordinario de Respaldo aos

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Concellos e Administración Locais para a Reconstrución Social de Galicia pola COVID-19, que acade os 300 millóns de euros e que se distribúa cuns criterios de reparto acordados no seo da FEGAMP.

PRIMEIRA INTERVENCIÓN:

A Sra. alcaldesa presenta unha emenda que lla entrega ao resto dos partidos políticos e dálle a palabra á Sra. Alfonso que sinala que respecto á moción do PSOE lles gustaría saber cal é a razón de incluír tamén a transferencia de cartos ás deputacións, porque si se pide a todos os concellos igual ca ás deputacións para que despois estas llas entreguen aos concellos alongan os procedementos e retrasan a achega de cartos aos concellos. Por outro lado, con respecto á emenda do PP, non sabemos se é de substitución ou engadir, e queriamos saber tamén o que opina o grupo que presentou a emenda sobre esta nova do PP

A Sra. Lago di que o primeiro que querían comentar é que lles chocou moito que cando lles chegou a convocatoria, e dado que a moción entrou o 2 de xuño, creron que houbo tempo de sobre para convocar á comisión e poder debatela, en comisión, e polo demais non teñen nada en contra da moción, e en principio vana apoiar, pero gustaríalles que a explicase, porque se é presentada na comisión poderíase ter elaborado a moción co consenso de todos e todas, e failles un pouco de graza a segunda emenda de instar ao goberno de España a respectar a economía financeira das entidades locais e flexibilizar a regra de estabilidade orzamentaria porque é algo que pediron aquí nas propostas que trouxeron cando foi do COVID, que era precisamente instar a derogación da lei de estabilidade orzamentaria.

A Sra. alcaldesa di que non se debateu en comisión porque o estado de alarma se levantou o 21 de xuño e aínda que a moción se presentou o día 2 non daba tempo a facer a comisión. Como di o grupo socialista na exposición de motivos, os concellos fixemos un traballo moi destacable e moi importante, protocolos de seguridade e hixiene, refuxio de persoas sen teito, isto supuxo non só a dedicación dunha cantidade inxente de recursos económicos, senón o esforzo e traballo dos recursos humanos cos que contamos no concello e co voluntariado da A.V.P.C. que permitiu que neste concello se fixera moitas cousas que non se viñan facendo: proporcionar reparto de alimentos de primeira necesidade ás persoas que viven soas para evitar a saída a rúa das persoas maiores, repartir ordenadores que a Xunta de Galicia proporcionou ao estudantado e do material escolar aos domicilios, labores de limpeza e desinfección de establecementos e espazos públicos, incremento de horas de axuda ao fogar, que tamén financia a Xunta en máis de 1300 horas mensuais de incremento e 14 altas durante este tempo de pandemia de usuarios/as de servizos sociais. Sinalan en particular na moción que os concellos contan con praias e que hai comunidades nas que as administracións autonómicas financiaron a contratación de persoas para controlar o acceso aos areas, e unha delas é Galicia, que está a tramitar convenios cos concellos para financiar este persoal de apoio.

Que o goberno do estado anuncie o desbloqueo de trescentos millóns de superávit das entidades locais, non é ningún agasallo, son cartos das administracións locais, polo tanto, o desbloqueo, non é que o goberno do estado nos dea nada, só nos deixa utilizar estes cartos, de aí a nosa emenda, é que se

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

flexibilice as regras de estabilidade orzamentaria para poder usar este superávit nos concellos en cuestións que nos van a facer falta a partir deste momento. Fai tamén mención a que estamos asumindo competencias da Comunidade Autónoma, o que levamos asumido nestes meses foi cantidade de competencias que son do estado, sen que ata agora non recibamos ningún tipo de recursos nin económico, nin material, nin humano para facer fronte a esta avalancha de cuestións que nos están cargando aos concellos, non foi que non o pedimos, porque pedimos á subdelegación do goberno, basicamente material para os/as traballadores/as e non recibidos nada, foi a Xunta que inicialmente, e tamén a Deputación que mandaron algún material, máscaras, así como voluntarios e xente que se ofreceu a doar material propio ou fabricado para doarlle aos concellos.

Non ten ningunha dificultade que o goberno do estado pacte coa FEGAMP a utilización do superávit porque este pacto xa estaba pechado con Rajoy no ano 2018, polo que non debería de haber ningunha dificultade para que o aprobase. Nós presentamos esta emenda con ánimo de incluír que todo o que veña e cando veña é bo, e se aceptan a nosa emenda estamos dispostos a apoiar a vosa moción.

A Sra. Caridad di que presentaron en tempo a súa moción que se se podía celebrar unha comisión informativa, claro que si, igual que se celebrou a xunta de portavoces, porque nas comisións informativas están un de cada grupo polo que cumpríamos coas medidas de seguridade, non sabe porque non se celebrou, non lles vale esa desculpa.

Quere responderlle á representante de Compromiso, isto pídese para todos os concellos e a Deputación é o concello de todos os concellos, non sabe se é que está mal interpretada a emenda, e unha parte das deputacións. Os criterios de reparto da Deputación, polo mesmos dende o goberno o partido socialista non é de forma arbitraria, sempre se poñen unhas bases que habitualmente son, e que ela recorda que cando estivo na Deputación, se tivo en conta, tanto o territorio como o número de habitantes, entón simplemente por iso se puxo na moción que é unha moción que vén dende Madrid, que non a fixemos nós..

Recorda que preguntou en algún momento canto material achegara a Xunta de Galicia, e vostede díxome que pouca cousa, material, máscaras, vasoiras e algúns caldeiros, iso foi o que mandou a Xunta de Galicia, e nestes intres canto mandou o goberno de España e a Deputación da Coruña, a última vez que mandou cartos a Deputación era de corenta e pico de mil euros, era o último acordo que se fixo para isto, porque os criterios son distintos por territorio e poboación.

Que lle hai que agradecer a todo o mundo, pois si, non estamos nun momento de "y tú más", senón que temos que varrer todos e todas para o mesmo sitio e que todo o que chegue estea ben. Porque o partido socialista fixo esa mocións? Porque a Xunta non mandou nada, por iso cremos que era conveniente recordarlle ao Sr. Feijóo, que a parte doutros labores que non ten atendidos e que moito repetiron nesta pandemia como a asistencia a residencias de maiores e cos recortes que fixo en Galicia en Sanidade, pese a que os nega, pero están aí, e agora hai que contar cos sanitarios que son os que os están

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

sufrindo, e non só a nivel de centros de atención primario, senón que houbo que volver a pór a funcionar e chamar a xente xubilada, porque non había xente polo recorte sanitario, e iso é, se vemos a hemeroteca, vimos o día da manifestación de Santiago de Compostela, que foi un clamor, o 80% dos galegos non estamos equivocados, sabemos que houbo recortes en Sanidade, que lle pregunten aos de Verín, aos de Pontevedra, aos de Vigo e tivemos a gran mala sorte de que tras estes recortes atopámonos coa pandemia, por iso estamos preocupados e en certo modo temos sorte de que en Madrid estivese un Goberno do partido socialista porque como dixo vostede no tempo de Rajoy, e eu recórdolle que a lei de bases de réxime local foi con Rajoy e foi o que lle recortou os servizos aos concellos e dende as Deputacións, dende a FEGAMP e dende a FEMP, pelexouse para non sacarlle competencias aos concellos.

Que quería dicir que Rajoy fixo algo polos concellos, polo de Muros, non, porque cada que vén un representante do partido popular puñámonos a tremar, porque unha vez vén e levaron o Rexistro e outra vez quixeron levar o Xulgado, outra vez quixeron pechar o porto, queremos que nos manden os recursos que nos corresponde a toda a veciñanza.

Con respecto a instar á Xunta de Galicia a seguir cumprimentado as medidas de apoio, que nos dea o que nos toca, que se molle e que diga cal é a cantidade que lle corresponde ao Concello de Muros que ata agora foi cero, e respecto á economía financeira, o único que dou cartos e medios ao Concello de Muros foi o goberno de España coa Deputación da Coruña, así como os veciños de Muros, porque recordemos que na historia de España nunca houbo semellante apoio aos traballadores e aos autónomos, non habendo neste intre ningún que estea sen cobrar, porque é unha cuestión extraordinaria, todos e todas sabemos que cando houbo crise en España, non deste calibre, os autónomos, e eu métome no medio, estivemos a velas vir, o goberno de España tivo moi mala sorte o que lle tocou pasar pero hai que sacar o sombreiro polo ben que o fixo. Nós na nosa moción queremos que se manteña como está.

A Sra. alcaldesa di que quere que incluír a súa moción como está, e que se flexibilicen as regras de gasto orzamentario para que o teito de gastos e as regras de gastos para que poidamos utilizar eses cartos.

A Sra. González acepta incluír na súa moción só o primeiro parágrafo da emenda do PP.

A Sra. alcaldesa sinala que non foi á comisión porque o estado de alarma levantouse o día 20 de xuño, a Sra. Alfonso di que en Galicia pasamos a nova normalidade o 15 de xuño, algo do que presumiu o Sr. Feijóo, como se el o fixera todo xenial, polo que había tempo para facer a comisión informativa, se non a fixo vostede saberá por que.

SEGUNDA INTERVENCION

A Sra. Alfonso comenta que é unha pena que non se actualizara a moción, aínda que por eles iso non vai ser un obstáculo para votar a moción, insisto que se nos parece redundante, e que pode supoñer o risco,

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

no caso de que isto se chegue a facer, de que eses cartos que vaian as deputacións cheguen con máis retraso aos concellos que é onde realmente máis fai falla.

Con respecto á última parte da emenda que presenta o PP, que non acepta o PSOE, si que nos parece unha pena que non se chegue a un acordo porque nos parece importante que o goberno de España respecte a autonomía financeira, se flexibilicen as regras de estabilidade orzamentaria e as normas de uso dos remanentes de Tesourería e da económica municipal que parece que non hai suficiente flexibilidade.

A Sra. Lago insiste en que si que había tempo que dende o 2 de xuño celebráronse plenos e xuntas de portavoces, polo tanto si se podían facer xuntas podíanse facer as comisións. Resulta simpático que diga que a Deputación mandou algunha máscara cando mandou dous envíos un de 1.300 e outro de 3.000, (a alcaldesa interrompe para dicir que só vén un envío) e algo máis de 40.000€ que para comprar algo máis que seis botes de lixivia por semana, ou moito subiu a lixivia ou para algo máis chega. En canto á moción coincido co expresado por Compromiso, si nos parece unha pena que non se acepta a segunda parte da emenda do PP para derrogar a lei que impulsou o PP, o PSOE foi quen presentou a moción e son eles os que teñen que aceptala, polo demais di que eles están a favor da moción do PSOE.

A Sra. alcaldesa comenta que non as convocou, non por un capricho persoal, senón todo o contrario, levamos demostrado sobradamente que queremos facer as cousas co acordo de todo o mundo, simplemente que a Secretaría lles informou que o decreto que suspendeu as reunións dos órganos colexiados, polo que había que esperar a que o goberno levantara o estado de alarma, non foi ningún capricho nin escusa.

Di que pola súa parte o que lles interesa é que lles acheguen cousas, pero tamén lles interesa e debería interesar a todos e todas, que o Goberno flexibilice as fórmulas que se adoptaron xa hai tempo, e pensan que neste intre e coas actuais circunstancias é un *corsé* para os concellos que nos vai impedir en moitos casos usar os nosos cartos, que ninguén nos dou, de momento é un anuncio que fixo o Goberno, e que por agora quedou nun anuncio, e non hai polo momento ningunha norma que recolla esta cuestión e non van entrar a debater outras cousas que non recolla a moción e entenden que non veñen a conta neste momento, simplemente senón acepta a súa emenda como está, absteranse no voto.

A Sra. González insiste en que acepta só o primeiro parágrafo da emenda do PP.

A Sra. alcaldesa di que ou se inclúe toda a emenda ou senón non, polo que non se inclúe a emenda do PP e sométese á votación a moción presentada polo grupo socialista como a presentaron.

VOTACIÓN

Sometida a moción á votación, o Pleno, cos votos a favor do PSOE (3), de CxG (2) e do BNG (2), e coa abstención do PP (4), e polo tanto coa maioría absoluta, queda aprobada.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

B. MOCIÓN DE URXENCIA

Non hai mocións de urxencia.

C. PARTE DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Quinto.- Dar conta para coñecemento das Resolucións da Alcaldía do núm. 119 do 31/01/2020 a 695 do 19/06/2020, e das Xuntas de Goberno Local núm. 3do 21/02/2020, núm. 4 do 28/02/2020, núm. 5 do 06/03/2020, núm. 6 do 25/05/2020 e núm. 7 de 05/06/2020.

O Pleno queda coñecedor.

Sexto.- Rogos e preguntas

A alcaldesa di que vai contestar as preguntas do último Pleno de febreiro e que lles vai facer entrega da moción que fixo o grupo socialista que Secretaría informa que é un rogo e entrega da acta da xunta de voceiros do 29 de maio que solicitaron algúns grupos

O PSOE formulou rogos no Pleno de febreiro de *batcheo* e de arranxo dos parques e presentaron agora unha proposta con forma de moción, pero Secretaría informa que é un rogo, polo que se lle vai dar ese tratamento, na que rogan que o remanente do POS ao non poder realizar a obra de saneamento de Abelleira se destine esta cantidade sobranse e os importes do orzamento prorrogado das festas de San Pedro e Muros Mira ao Mar, e para o caso de que se decida suspender o resto dos eventos que o concello participaba con aportacións económicas, piden que se transformen estas partidas en gasto corrente e se destine ao pago das débedas que o concello ten contraídas cos traballadores.

Compromiso por Galicia preguntou pola colaboración económica coas Carrilanas e co Castelo e xa saben que este ano decidiron suspender eses eventos e polo tanto vanse facer outras fórmulas de menor custo, e si se vai a colaborar con estas asociacións noutra programación. E rogou precisión nos seus comentarios, en corrixir unha data nun decreto, buscar a fórmula para prorrogar as subvencións nominativas, baixar o IBI, para contestar aos escritos da veciñanza do *Tres Portas* e o arranxo da costa da *Fuchica*.

O BNG preguntou se o Concello está traballando na recuperación dun camiño na Abelleira, se lle contestamos á asociación Ostreira comentando a Sra. Alcaldesa que se falou varias veces desde febreiro dese camiño e outros asuntos de interese para a parroquia. Preguntou polo poste de Ventín, o que contestaron dende a empresa eléctrica é teñen pendente algún tipo de trámite con Costas; preguntaron polos premios de Entroido, estes están aprobados, só falta o certificado da conta bancaria dalgún dos premiados; preguntou pola análise da auga das fontes, pola empresa que a facía; as fontes polo que nos di Sanidade ou están conectadas ao servizo de augas de potable, de Espina que ten todas as garantías sanitarias ou ben non están conectadas e deben estar indicadas cun cartel de augas sen garantía

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

sanitaria, e posiblemente en moitas delas non exista cartel, e será un tema que revisarán e sinalarán; e preguntou tamén se o servizo de normalización lingüística revisaba as publicacións no Facebook, e si o fai.

Pasan ás preguntas para este Pleno.

A Sra. González di que presentaron unha moción o 29 de maio de 2020, que ten unha exposición de motivos, unha proposta ao pleno da corporación e unha petición. A Sra. secretaria fai un informe é di primeiro que é unha moción, que debe de conter unha parte expositiva e unha petición, polo que cumprimos estas condicións e di cal e a diferenza entre proposta e moción. Segundo o informe de secretaria unha moción e unha proposta que se cualifica como tal polo momento procedimental que se trata polo pleno, polo que ata aí cumprimos co que é unha moción porque a presentamos en tempo, distinto sería se presentase no pleno, que sería unha moción urxente. No corpo do informe non ve en ningún lado a conclusión do mesmo, afirma que o van a acatar pero que non están de acordo, que a van a volver a presentar e non lle queda nada claro cal é a diferenza entre moción e proposta. Non ve por ningún lado a diferenza que se fai, porque na moción hai unhas peticións claras

A Sra. Alcaldesa di que se vai cinguir ao informe de Secretaría e que vai tratar a proposta coma un rogo e as dúbidas deberallas aclarar a secretaria

A Sra. González solicita que conste en acta que vai acatar o informe pero que non están de acordo con el, de que este asunto non se trate como moción, e que van a volver a presentar a moción e presentar un novo informe. Continua dicindo que no último Pleno que tiveron cambiouse facer o aparcamento do campo de fútbol por deixar cartos para gastos correntes, e eles queren deixar claro, que ao persoal que estivo dispoñible durante esta crise, o Concello débelle cartos, e espera que se lle pague parte dos cartos que se lle debe. E pregunta como está o pagamento desas vinte e cinco sentenzas que están pendentes de cobrar? E os presupostos para cando? Hai unhas queixas en Louro con respecto a un contedor que cambiaron a súa situación debaixo dun edificio novo, pregunta se coñecían ese tema e se se vai facer algo porque se pode poñer no outra lado da estrada? Pregunta que pasou coa bandeira azul, si non dou tempo ou non a considera importante? porque cando estiveron eles tiveron dúas.

A Sra. Alfonso di que entregaron unhas preguntas pola sede electrónica no día de onte e alcaldesa afirma que non llas entregaron, polo que a Sra. Alfonso llas fai nese momento. O 21 de xaneiro pediron por sede electrónica as actas das reunións coa representación do persoal laboral e funcionariado do Concello e o 19 de xuño volveron a pedir documentación con respecto a este tema, polo que preguntan se van ter acceso á documentación que solicitan? Continúa dicindo que coma resposta a unha pregunta deles con respecto ao parque infantil ao lado da escola infantil de Tal, díxolles a alcaldesa hai catro meses que estaban analizando urbanisticamente a proposta para definir o espazo e iniciar así o expediente, polo que pregunta se remataron a análise urbanística, se iniciaron o expediente e en que punto está o asunto?

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Queren saber tamén cantos *chiringuitos* de verán están solicitados no Concello para este verán e se están resoltas e contestadas todas esas solicitudes? Segundo o informe de Intervención 119/2020 no ano 2019 hai unha desviación da regra de gasto de -605.436,69 euros e da estabilidade orzamentaria de -411.645,47 euros, o que supón un incumprimento dos obxectivos nos dous indicadores e a necesidade de elaborar un novo Plan económico financeiro, polo que queren saber a que partidas van afectar o importe do axusto do gasto? Tamén queren preguntar se o avogado do Concello fixo a revisión do préstamo que o Concello ten co BBVA e se se iniciou algunha reclamación? Segundo se deduce do Decreto 313/2020 a asociación de concellos da ría da estrela solicitou unha subvención a Axencia de Turismo de Galicia para contratar un/unha informador turístico, queren saber cal é o importe que ten que pagar o Concello de Muros en relación a parte do gasto non financiado pola subvención, e se esa persoa vai estar traballando dende o noso concello ou dende os puntos de información turística de outros concellos? Despois da renuncia dunha persoa que traballaba no punto de información turística só hai unha persoa traballando na área de Turismo do noso concello, queren saber se se vai a contratar a alguén máis para traballar todo o ano ou se lle parece suficiente unha persoa para esta área? O Concello vai facer algo para controlar as colonia felinas que se están incrementando en varios puntos do municipio? Ademais, queren facer un rogo, que é que se retomen os cursos de lingua de signos xa que benefician ás persoas que teñen problemas de audición e mellora as posibilidades de emprego doutras.

Nalgún decreto aparece como alcaldesa en funcións a tenente alcaldesa, pero asinado pola alcaldesa, por se queren corrixilos. Redundar na pregunta que fixo a portavoz do grupo socialista, e que un ano despois da toma de posesión, queríamos saber como vai a elaboración dos presupostos polo que tantas veces nos preguntou nos plenos do mandato pasado? O 31 de xaneiro enviaron as súas valoracións sobre o borrador de bases de execución, queren saber se as van a ter en conta? Tamén queren saber por que non se solicitou a bandeira azul para ningunha praia do municipio? Se hai algunha novidade con respecto á obra paralizada do Petón de Esteiro? Cando teñen previsto abrir os puntos de información turística, o Pozo do Cachón ou os espazos de exposición en Sel? Cal é a situación actual da nave de Plácido? Cando e que condicións poden usar as asociacións os locais que teñen concedidos? A veciñanza do Chalón seguen sen ter resposta sobre o tema do *Tres Portas* e queren que ela pregunte no Pleno? Cantos socorristas puideron contratar para este verán? No Decreto 196/2020 aproba as bases para a contratación da asesoría xurídica do CIM e no 351/2020 aproba a lista de persoas admitidas e excluídas e nesa lista aparecen todas as persoas coma excluídas e ningunha admitida, polo que queren saber cal é a situación actual deste proceso selectivo? A asociación Esteirana de Carrilanas ten pensado solicitar neste ano 2020 que o Gran Prix de Carrilanas de Esteiro sexa declarada Festa de interese turístico nacional, e para iso é necesario un acordo plenario segundo o BOE do 7 de agosto de 2019, polo que queren rogar que traian esta proposta para o próximo Pleno.

No Decreto 424/2020 aproba os proxectos modificados do campo de fútbol Eleuterio Balayo, da remodelación do aparcamento do pavillón de Miraflores e da mellora das infraestruturas hidráulicas na Abelleira, 1ª fase polo que queren saber en que consisten esas modificacións.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

E por último no Decreto 506/2020 de 16 de maio resolve levantar a suspensión das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local e da Xunta de Voceiros e de feito tivemos algunha e un pleno extraordinario, queren saber por que non se levantou a suspensión de celebración de plenos e porque non se celebraron plenos ordinarios, cando se celebrou plenos extraordinarios?

A Sra. Lago di que vai comezar cun texto que lles enviaron unhas compañeiras que di: o 28 de xuño de 1969 tiveron lugar os disturbios de Stonewall en EEUU, e cada 28 de xuño conmemórase e celébrase a valentía daquel grupo de persoas que plantaron cara a brutal represión policial que recibiron pola súa condición sexual ou identidade de xénero. Dende ese día celébrase o día internacional do orgullo LGBT. A día de hoxe este colectivo segue a sufrir numerosas formas de discriminación, e por iso é tan importante darlle visibilidade co fin normalizaras diversidades sexuais. Non nos podemos esquecer que nestes meses de confinamento houbo persoas que se tiveron que ocultar porque viviron cerradas nas casas cos seus familiares porque o seu entorno non comprendía a súa maneira de ser, persoas que teñen que facer unha pantomima porque na súa propia casa non son libres, por iso, neste ano é tan importante a reivindicación deste día ante a imposibilidade de saír a rúa a reclamar a súa visibilidade con marchas multitudinarias, tendo menos posibilidades que a súa voz e a súa mensaxe se escoite. Todos saben que o que non se ve non se existe e non se normaliza. Di que o CIM se adscribiu á campaña da Deputación "Liberdade de ser e sentir" e queren saber por que non se adheriu o Concello e por que na páxina desta campaña aparece o logo do CIM e non o escudo do Concello? Un dos concursos desta campaña unha das actividades é un concurso decoración de balcóns coas cores da bandeira LGBT polo que piden que o día 28 o balcón da casa consistorial se decore con estas cores e se ilumine a fachada da casa consistorial coas mesmas cores do colectivo LGBT.

A parte disto, teñen varias preguntas, e comeza dicindo que xa que se dotou de liquidez ao Concello, pregunta se se van a acatar todas as sentenzas xudiciais do persoal laboral? A piscina e o ximnasio municipal estarán pechados previsiblemente ata setembro, esta decisión parte do corpo de traballadores ou do grupo goberno? Cal vai ser o protocolo de apertura da piscina? Cal foi o número de novos empadroamentos no mes de marzo, abril e maio? Que protocolo Covid 19 se está tomando co persoal municipal? Púxose en práctica algún protocolo para a apertura de praias? Vaise levar a cabo algunha iniciativa de conciliación para este verán? Existe un plan de comunicación das redes sociais oficiais? Existe algún protocolo para apertura dos locais cedidos ás asociacións culturais e deportivas? Como se van a facer as acreditacións para o acceso á veciñanza de Bornalle? Comentan que se lles ía pedir o recibo da contribución na fiestra do coche, pregunta se isto é certo?, se é así parécenos desafortunado e que polo que rogan que se emita algún tipo de acreditación oficial.

Con relación aos campamentos de verán queren saber quen os vai impartir este ano e por que non se contempla nas bases a necesidade da conciliación da familia? A obra que se está a realizar no galpón en Surribos ao lado do porto, cumpre cos permisos pertinentes? Na rúa do Carne as baixantes de pluviais esta causando filtracións e danos nas vivendas, polo que rogan que revisen este problema se é competencia do Concello. Rogan que se axilice a limpeza de parques e de áreas recreativas. Rogan que

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

se inclúa na orde do día a solicitude de festa de interese turístico nacional o Gran Prix de Carrilanas de Esteiro debido a que é preciso este acordo para a súa solicitude. E no lugar da Pernela hai unha parede en mal estado e que cada día vai a peor, polo que rogan que a arranxen. E rogan tamén que se arranxen os baches no Valado en Creo.

A alcaldesa di que as preguntas se contestarán no próximo Pleno, e sen máis asuntos que tratar a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, de todo o que eu como secretario accidental, dou fe.

O secretario accidental.

Documento asinado electronicamente

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257